

Informe sobre a avaliación do Curso de Lingua Galega de Calidade

Plan de formación de 2012

Datos

Perfil do alumnado:

Persoas asistentes ao curso	15 persoas	
Profesión	Limpeza: 1 persoa Mecánico/a: 1 persoa Administrativo/a: 10 persoas Técnico/a electrónico/a: 1 persoa Técnico/a especialista en Educación Infantil: 1 persoa Estudante: 1 persoa	
Lugar de nacemento	Narón: 5 persoas Colombia: 2 persoas Madrid: 1 persoa Cádiz: 1 persoa Fene: 1 persoa Ferrol: 3 persoas Arzúa: 1 persoa Lugo: 1 persoa	
Lugar de residencia	Narón: 13 persoas Fene: 2 persoas	
Lingua materna	Castelán: 12 persoas Galego: 3 persoas	2 persoas que tiveron como lingua materna o galego, teñen como lingua habitual o castelán; e 1 persoa que tivo como lingua materna o castelán, ten como lingua habitual o galego.
Lingua habitual	Castelán: 13 persoas Galego: 2 persoas	

Coñecemento da lingua e motivacións para realizar o curso:

Coñecemento de lingua galega	Celga 2: 3 persoas Celga 3: 6 persoas Celga 4: 6 persoas
Motivacións para realizar o curso	Na maioría dos casos, perfeccionar o seu coñecemento e uso da lingua galega

Desenvolvemento do curso: percepción por parte do alumnado

Obxectivos acadados	Si: 15 persoas Non: 0 persoas
Contidos traballados	Si: 15 persoas Non: 0 persoas
Profesorado	Coñecementos da materia impartida: Si: 15 persoas Non: 0 persoas
Observacións do alumnado	Ampliar horario do curso para impartir a materia máis en profundidade: 7 persoas

Actitudes cara a lingua galega:

Actitudes cara a lingua antes do curso	Boas: 15 persoas Regulares: 0 persoas Malas: 0 persoas
Actitudes cara a lingua despois do curso	Boas: 15 persoas Regulares: 0 persoas Malas: 0 persoas
Cambio de actitudes	Para mellor: 10 persoas Para peor: 0 persoas Mantéñense: 5 persoas

Outras accións formativas:

Accións formativas de interese	Linguaxe administrativa galega: 5 persoas
---------------------------------------	---

Logo de analizar os datos proporcionados polas persoas asistentes ao curso a través do test de avaliación, realizo o seguinte

INFORME

A esta acción formativa asistiron un total de 15 persoas. O perfil do alumnado que asistiu a este curso resúmese en que a maioría das persoas presentadas son administrativas, residentes no Concello de Narón, aínda que, case a totalidade, procede doutros concellos galegos, de diversos lugares de España e do estranxeiro. Ademais, a inmensa maioría tivo o castelán como lingua materna e tamén o ten como lingua de uso habitual. A motivación que levou a estas persoas a realizar o curso foi fundamentalmente a idea de perfeccionar os seus coñecementos sobre a lingua galega. Estes en xeral eran bos, entre un Celga 3 e un Celga 4, pois pedíase, aínda que non era obrigatorio, un nivel de lingua galega equivalente a un Celga 3, como mínimo, para aproveitar este curso.

Con respecto ao desenvolvemento do curso, o alumnado considera que se cumpriron os obxectivos propostos, que se traballaron os contidos especificados e que o profesorado posuía os coñecementos sobre a materia e pedagóxicos necesarios para o aproveitamento do curso. Non obstante, moitos sinalaron que a materia era demasiado densa para o horario establecido.

En relación coas actitudes cara a lingua galega, as persoas asistentes ao curso xa tiñan unhas moi boas actitudes ao comezo do curso e ao finalizar afirmaron que seguían a ser boas ou incluso melloraran.

Por último, cómpre sinalar que se lles entregou un formulario con diversos cursos en lingua galega que lles poderían interesar e no que, ademais, podían establecer outras accións formativas que lles fosen necesarias. Case a metade do alumnado marcou a casa de Curso de Linguaxe Administrativa Galega. Este formulario entregóuselles coa finalidade de mellorar a oferta formativa en lingua galega desde o Servizo de Normalización Lingüística.

Narón, 03 de decembro de 2012